

*Dende hai tempo veño reparando que un home de carne e óso sae dunha cova, gabea pola parede do cemeterio e foxe cara a cidade. De alí a dúas ou tres horas volta para o cemeterio ensumíndose nun dicir amén debaixo da terra. A primeira vez que tal reparei non quería dar creto á meu ollo: mais o caso repetiuse moitas veces arreo...*

Achegueime a súa cova, pois son curioso e non son medoso, e nun momento o personaxe xa estaba alí, posto que acababa de chegar da cidade. Eu pregunteille quen era e que facía alí e el nada sorprendido, díxome:

-Son un mariñeiro, que morreu afogado hai moitos anos, e descanso aquí apaciblemente, xa que esta cova foi o meu lugar predilecto cando era pequeno, pero hai uns días un vello amigo meu, tamén pantasma coma min, contoume unha nova: un doutor que vive nesta cidade fabricou unha máquina que pode fabricar, en pequenas doses, unha pócima máxica que pode facer que aos mortos lles saia un novo corpo como o que teñen os vivos. Dende entón, vou ver a ese médico para que me proporcione un corpo, e vou moitas veces porque se necesitan varias doses.

Dende aquela fixen moi boas migas con Martiño, que así se chama o home da cova, que me conta moitas historias sobre os seus tempos e sobre a súa vida no mar.